



Rúa Roma, 21
15703 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

Teléfonos: 667 070 072 e 616 303 003

ORDE DO 21 DE MAIO DE 2015 POLA QUE SE REGULA O FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO.

Obxecto: en todos os centros creárase un Fondo solidario de libros de texto, formado polas doazóns voluntarias e, fundamentalmente, polos libros adquiridos coas axudas do curso 2014/15, que as familias devolverán por obriga legal, como máximo o 19 de xuño de 2015 (en primaria e os aprobados de secundaria) ou o 4 de setembro (para as materias suspensas de secundaria).

Ámbito de aplicación: alumnado de 3º e 5º de primaria, e alumnado de 2º e 4º de secundaria no curso 2015/16; para eses cursos manteranse obrigatoriamente os libros de texto utilizados no curso 2014/15; e exclúese:

- O alumnado que non devolvera os libros comprados coa axuda do curso 2014-2015 (agás que sexan alumnos que veñan de 2º de primaria, eses non teñan obriga de devolución)
- O alumnado de centros incluídos no proxecto de educación dixital.
- O alumnado con discapacidade superior ao 65 %, que non poida usar libros a xuízo do centro, este alumnado poderá acollerse á convocatoria de axudas regulada na outra Orde, e poderá comprar os libros ou material que o centro docente determine.

Asignación dos libros:

- Terá preferencia o alumnado que estea en tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Terá preferencia o alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65 %
- Despois asignaranse os libros dispoñibles por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar.
- No caso de cambio de centro, o alumno-a ten que devolver os libros recibidos, e no novo centro daránlle outros se os hai.
- Se hai novas incorporacións durante o curso, daránselle libros se os hai.

Cálculo da renda per cápita:

Terase en conta a renda da unidade familiar (suma das rendas de todos os membros do exercicio 2013), dividida polo número de membros computables (segundo situación persoal e familiar o 31-12-2013:)

Recollida de libros do curso 2014-2015:

- O alumnado que aprobe todo en xuño devolverá os libros adquiridos con cargo ás axudas como máximo o 19 de xuño de 2015.
- No caso de alumnos que pasen a 2º ou 4º da ESO que teñan algunha materia pendente, devolverán os libros correspondentes a esas materias con límite o 4 de setembro de 2015
- Os centros docentes reflectirán na aplicación informática o número de libros dispoñibles antes do 2 de xullo, ou do 9 de setembro no caso dos suspensos.



Rúa Roma, 21
15703 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org
Teléfonos: 667 070 072 e 616 303 003

Procedemento de solicitude de libros:

- Toda a xestión informática das solicitudes recae no director-a e no secretario-a do centro, quen poderán autorizar ao persoal administrativo para que fagan estas tarefas.
- Nai, pai ou representante legal presentará a solicitude para o alumnado dos niveis incluídos nesta orde.
- As solicitudes presentaranse en papel, no formulario que anexa a orde, e os interesados poden cubri-lo ou poderá xerarse no centro logo de introducir os datos do solicitante.
- Presentarase unha solicitude por cada alumno ou alumna, non é familiar.
- O prazo remata o 30-06-2015; pero poderán emendarse erros ata o 2 de xullo.
- A solicitude implica a aceptación de compromiso de conservación e de devolución dos libros ao finalizar o curso 2015/16
- Os centros docentes asesorarán ás persoas interesadas, comprobarán que a documentación está completa, requirirán a corrección de deficiencias na solicitude, gravarán as solicitudes na aplicación informática.
- Cando todo estea correcto, o-a director-a validará as solicitudes.
- O centro docente verificará a renda das solicitudes, comprobará os ingresos (en papel ou accedendo aos datos tributarios) e o número de membros da unidade familiar; e gravará todo definitivamente con límite do 2 de xullo.
- Xerarse unha listaxe provisional de admitidos e excluídos que se publicará no taboleiro de anuncios ou na web do centro o 07/07/2015
- As reclamacións poderán formularse os días 8 ou 9 de xullo.
- O resultado das reclamacións gravarase na aplicación con data límite 10 de xullo.
- As listaxes definitivas publicaranse, no taboleiro ou na web do centro:
 - Para 3º e 5º de primaria: o 15 de xullo.
 - Para 2º e 4º de secundaria: o 15 de setembro
- Os libros entregaranse:
 - En 3º e 5º de primaria: o 16 ou 17 de xullo, ou o centro poderá pospoñelo ata o inicio de curso.
 - En 2º e 4º de secundaria: a partir do 15 de setembro.
- Ao entregárense os libros de texto o centro xerará un documento no que a familia se compromete a usar correctamente os libros, a conservalos en bó estado, e a devolvelos ao rematar o curso 2015/16
- Ao rematar o curso 2015/16 o alumnado devolverá os libros e o centro docente xerará un novo documento que xustifique a entrega e clasifique os libros entre devoltos e deteriorados.

Tratamento do alumnado NEAE :

- Cada centro docente poderá adoptar as medidas necesarias para o alumnado NEAE poida dispor de material específico se os libros de texto non lle serven.



Rúa Roma, 21
15703 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

Teléfonos: 667 070 072 e 616 303 003

COMENTARIOS A ESTA ORDE:

- Non hai ningunha razón que xustifique a vixencia dos libros de 3º e 5º de primaria agás do feito de que foron cursos LOMCE no 2014-2015, pero foron cursos LOMCE con libros LOE porque así o demandamos e así o dispuxo a consellería; semella que agora esqueceron esa decisión e pensan que estes libros que se conservan son libros cambiados, **pero non é así**.
- A obriga de devolver libros comprados co cheque 2014-2015 é xeral, e ven establecida no artigo 14.d) da Orde do 28-05-2014, orde que regulou esas axudas o curso pasado; pero de todos os libros que se devolvan só se van utilizar os de 3º e 5º de primaria e os de 2º e 4º de secundaria, o resto non servirán para nada.
- Non hai unha previsión de atención: entregáranse libros en tanto haxa libros, e como non hai un dereito subxectivo a recibilos en base a criterios avaliábeis, nin hai unha organización global senón que cada colexio xera o seu propio desastre, a administración desenténdese de todos os que, conxunturalmente, non consigan entrar na rolda de reparto, porque nese colexio a xente non devolvera os libros, porque non haxa libros que devolver, porque o curso deste ano sexa moito máis grande que o do ano pasado... Neste minifundismo “solidario”, familias coa renda per cápita máis baixa non recibirán libros e outras con renda maior si.
- A xente que non reciba libros de texto vaise decatar como moi pronto o 15 de xullo en primaria e o 15 de setembro en secundaria, nese momento é moi fácil que non haxa libros no mercado, e menos aínda se o libro que se pide é libro LOE de primaria. Non existiría o problema se a Administración comprara miles de libros dunha vez, completando os libros devoltos con libros comprados ata cubrir toda a necesidade, pero unha familia individual pedindo un libro LOE para 3º ou 5º de primaria a finais de xullo xa pode pedir sorte.
- A sobrecarga de traballo nos equipos directivos é inmensa, sobre todo en primaria onde é raro que haxa persoal administrativo a quen empacarlle a parte burocrática. Van estar traballando ata mediados de xullo exclusivamente para este asunto.
- A orde non fala de cómo artellar a recollida dos libros cando as familias non teñan libros que devolver, pola razón que sexa, pero é algo que claramente lle queda nas mans aos equipos directivos, que non só van ter que exercer de recadadores, senón que ademais van ser os responsables de certificar que esa familia non terá dereito a libros do “fondo solidario”; todos sabemos a qué sector social lle vai afectar esta situación.
- Novamente se dispón que os libros que se entreguen terán que ser devoltos ao final de curso para formar un novo fondo solidario. Atención, van recoller libros LOE en 3º e 5º de primaria porque o curso pasado non se cambiaron, vanse utilizar este curso, e recóllense para utilizalos un curso máis, xa temos libros LOE utilizados en tres anos LOMCE; pero é que os de 2º e 4º de secundaria tamén van ser recollidos novamente e reutilizados, e eses son libros LOE pero o curso que ven entra a LOMCE neses niveis, temos aí tamén curso LOMCE con libros LOE obrigatoriamente. E se estes cursos poden: **por qué os demais non?**
- As NEAE con minusvalía inferior ao 65 % quedan totalmente desatendidas, sen ter dereito a axudas, porque fican suxeitas ao que dispoñan os equipos directivos, que poden atender ou non esas dificultades; ou que poden ou non ter con qué atendelas, porque a norma establece que “o centro docente adoptará medidas” pero non di con qué fondos se van pagar esas medidas adoptadas.



Rúa Roma, 21
15703 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

Teléfonos: 667 070 072 e 616 303 003

- A posible participación das ANPA nesas “fondos solidarios” quedan circunscritas a “funcións de recollida dos libros de texto, inventario, clasificación e entrega dos lotes de libros ao alumnado”, o que hai que coordinar co que a propia orde establece na D.A. cuarta:

“2. O persoal dos centros docentes que xestione o procedemento non poderá utilizar os datos obxecto de tratamento para finalidade distinta á prevista nesta orde; así mesmo, está suxeito ao deber de sigilo profesional.

As solicitudes e a documentación (en soporte papel) arquivaranse nos centros docentes en lugar seguro, que garanta a imposibilidade de acceso aos datos de carácter persoal que conteñen por parte de calquera persoa non autorizada”.

Obviamente, rexeitaremos a participación nestes “fondos” porque non son equitativos, non garanten un tratamento igual para todos os escolares galegos, non resolven en absoluto a demanda constitucional dun ensino gratuíto, retroceden na inclusión e instauran un procedemento baseado na discriminación entre pobres (que terán libros usados do banco de libros) e ricos (que como non teñen dereito a eses libros, terán outros noviños do trinque que marcarán a diferenza de clases).

Pero é que ademais non podemos recoller libros sen coñecer de quen se reciben, e non podemos entregalos sen saber a quen se lle dán, e eses datos son “de imposible acceso para as persoas non autorizadas”, entre quen nos contamos.